

University College Cork (UCC)

Xoves, 10 de decembro de 2015

Seminario de investigación (11.00-13.00):

A música na Xeración do 27' a través de Jesús Bal y Gay (Lugo 1905 - Madrid 1993)

O 29 de novembro de 1930 a emblemática Residencia de Estudiantes acolle a presentación do Grupo dos Oito. Nun concerto-conferencia, con Rosita García Ascot ao piano, preséntase a música de oito novos compositores dos que Ramón Gómez de la Serna manifesta con emoción “xa temos irmáns declarados na outra arte”. Seguindo o modelo e maxisterio de Manuel de Falla, o grupo expresa a súa intención de renovar a linguaxe musical española -característica da Xeración do 27'- uníndose ás correntes europeas. Entre os presentes neste acto atopamos a un destacado membro da Residencia: o compositor e musicólogo galego Jesús Bal y Gay.

Membro do grupo Ronsel -onde escribe o seu (des)coñecido *Hacia el ballet gallego*-, colaborador asiduo en El Pueblo Gallego e integrante do Seminario de Estudos Galegos, Bal y Gay alimenta día a día dende Madrid a súa curiosidade e ollo crítico pola creación e investigación musical (popular e erudita) até 1935, momento no que convidado polo hispanista J.B. Trend viaxa a Cambridge como lector de español. Tras un longo exilio en México (1938-1965), Bal y Gay regresa a España xunto a súa benquerida dona Rosita García Ascot, muller da que namorara un 29 de novembro de 1930.

Concerto (18.00):

A guitarra na Xeración do 27'

Hommage pour le Tombeau de Claude Debussy

Manuel de Falla (1876 - 1946)

Lúa (Heraldos) - Pavana

Salvador Bacarisse (1898 - 1963)

Danza del molinero (El Sombrero de Tres Picos)

Manuel de Falla

Española

Rosita García Ascot (1902 - 2002)

Pastoral

Jesús Bal y Gay (1905 - 1993)

Invernal

Fernando Buide (n.1980)

Cinco canciones populares

Federico García Lorca (1898 - 1936)

I.- Preludio

II.- Coral

III.- Berce

IV.- Recitativo

V.- Canción

VI.- Muiñeira

Suite Compostelana

Frederic Mompou (1893 - 1987)

Biografía

Samuel Diz

O guitarrista e investigador Samuel Diz (Tui 1986) gradúase no Conservatorio Superior de Música Manuel Castillo de Sevilla baixo a dirección de Gaëlle Solal. Amplia a súa formación artística cos guitarristas Alen Garagic e Daekun Jang, xunto ao maxisterio de José Luis Rodrigo nos cursos de Música en Compostela, onde recibe o Premio Andrés Segovia - J.M. Ruiz Morales.

Ten actuado en diferentes países dos continentes europeo, americano e africano, destacando a súa presentación en The Council on Latin American and Iberian Studies da Universidade de Yale, no Harare International Festival of the Arts de Zimbabwe, ou no emblemático Palau da Música Catalana, onde recibe o Premio da Crítica *El Primer Palau* pola súa actuación destacando o seu "*estudo e coherencia do programa demostrando unha alta seguridade escénica e un son moi diáfano coa guitarra*".

Comprometido coa recuperación e dinamización do patrimonio musical galego Samuel Diz publica *Guitarra Clásica Galega* (Ouvirmos 2012). **Este** traballo discográfico, que percorre o pasado, presente e futuro do instrumento na cultura galega, inclúe a inédita *Pastoral* que Jesús Bal y Gay escribira en 1933 para o guitarrista Regino Sainz de la Maza.

Recentemente presenta *Impresiones y paisajes, como el primer libro de Lorca* (Poliédrica 2015) na antiga Imprenta Sur do Centro Cultural Generación del 27' de Málaga. Co apoio de Axudas Creación INJUVE, este novo traballo discográfico recolle a investigación e estudo da guitarra nas décadas de 1920 e 1930 tomando a Federico García Lorca como punto de encontro do popular e erudito.

Samuel Diz completa o seu curriculum académico con diploma de posgrao en xestión de empresas musicais na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, sendo na actualidade director artístico do festival Música no claustro da Catedral de Tui.